



UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
REXISTRO XERAL

26. ABR 94 02347

SAIDA

A Resolución do 18 de xuño de 1991 sobre o réxime de traslados dictada para o desenvolvemento do Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1991 establece no seu apartado oitavo o prazo de presentación da solicitude de traslado entre o 1 de xullo e o 15 de setembro.

O citado prazo está concibido para que os traslados poidan ser resoltos antes do inicio do curso. Non obstante, prodúcense situacións nas que os alumnos efectúan o traslado, non xa co obxecto de continua-los seus estudos, senón para que lles sexan validadas as materias e poidan realiza-lo depósito do título. Estes alumnos deben reuni-la condición de ter sido alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

UNICO.- As solicitudes de traslado presentadas polos alumnos que, realizando estudos nesta Universidade, superaran noutra Universidade as materias que lles faltasen nesta para a conclusión dos estudos iniciados, poderán presentar en calquera momento a solicitude de traslado de expediente, que será aceptada a trámite e estimada se do posterior proceso de validación resultara que o alumno concluíu os seus estudos e, polo tanto, reúne os requisitos para a expedición do título universitario oficial correspondiente.

Se da validación non se conclúise que o alumno está en condicións de realiza-lo depósito do título, a solicitude de traslado será desestimada de non terse presentada no prazo establecido.

Santiago, 22 de abril de 1994



O RECTOR

Ramón Villares Paz

- SR. SECRETARIO XERAL
- SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA
- SRES/AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS
- SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO
- SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
- SRES/A. XEFES/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA